

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 26 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascenas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2025/26 nunha universidade pública galega (código de procedemento PR911A).

BDNS (Identif.): 809797.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Persoas beneficiarias

1. Poderán solicitar estas axudas a cidadanía galega residente no estranxeiro cunha titulación universitaria de grao, licenciatura, arquitectura, enxeñaría, diplomatura, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica.

2. Quedan excluídas desta convocatoria as persoas que xa fosen beneficiarias e desfrutasen desta bolsa en anteriores convocatorias.

3. Así mesmo, quedan excluídas aquelas persoas que resultasen beneficiarias desta bolsa en anteriores convocatorias e que causasen baixa ou renunciases a ela, sempre que o fixesen despois do 15 de setembro do ano da correspondente convocatoria.

Segundo. Obxecto

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases que regularán o procedemento de concesión e proceder á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, de duascenas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior, co fin de cursar determinados estudos de máster que se inicien no curso 2025/26 nunha universidade pública galega, condicionada aos límites de financiamento (código de procedemento PR911A).



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 26 de decembro de 2024, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria de duascenas cincuenta (250) bolsas de excelencia para a mocidade do exterior (BEME), co fin de cursar estudos de máster que se inicien no curso 2025/26 nunha universidade pública galega (código de procedemento PR911A).

Cuarto. Financiamento

Esta convocatoria terá carácter plurianual e para a concesión destas subvencións destinaranse un total de 2.550.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.480.3 –bolsas excelencia mocidade exterior– dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026, por importe de 1.500.000 € para a anualidade 2025 e 1.050.000 € para a anualidade 2026. A concesión destas subvencións quedará condicionada aos ditos límites orzamentarios.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará o día 30 de abril de 2025 ás 23.59 horas (hora peninsular española), sen que en ningún caso poida ser inferior a un mes.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2024

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: rj0328m4-sy89-ana3-d9w1-nmkr6rzd5nh6

